

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

6168 *Real decreto 432/2009, do 27 de marzo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.*

A Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, constitúe un avance no proceso de reforzar a dimensión ética na actuación dos máximos responsables da Administración xeral do Estado ao establecer un novo réxime de xestión e control dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, seguindo as directrices elaboradas en tal materia pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, así como as medidas que adoptaron os países do noso ámbito cultural con políticas máis avanzadas nesta materia.

A entrada en vigor da dita lei, que impuxo novos mecanismos para previr a existencia de conflitos de intereses no sector público e garantir a transparencia e a obxectividade no exercicio destes postos, require un desenvolvemento regulamentario en determinadas materias daquela.

Este real decreto dítase en desenvolvemento do previsto na disposición derradeira primeira da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, regulando os aspectos do seu articulado cuxo desenvolvemento está previsto que se realice regulamentariamente.

En consecuencia, a finalidade desta norma é regular a forma en que se deben efectuar as diferentes declaracións previstas na lei, así como o seu contido, os procedementos para garantir o cumprimento destas obrigas e, en xeral, todos os preceptos desta que requiran desenvolvemento regulamentario.

Por outro lado, o artigo 15 da lei atribúelle á Oficina de Conflitos de Intereses, órgano que actuará con plena autonomía funcional, a competencia para a xestión do réxime de incompatibilidades de altos cargos, polo que esta norma desenvolve as funcións e as súas competencias.

Dada a materia que regula este real decreto, e de conformidade co previsto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no 5.b) do Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, esta norma foi sometida ao informe previo do dito ente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento polo que se desenvolve a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Apróbase, en desenvolvemento do previsto na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, o regulamento cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición transitoria única. *Presentación de declaracións de actividades e de bens e dereitos patrimoniais do ano 2009.*

1. Para este ano 2009 os altos cargos actualmente nomeados remitirán á Oficina de Conflictos de Intereses, xunto coa declaración anual correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas, novas declaracións de actividades e de bens e dereitos nos modelos establecidos no anexo I. Os membros do Goberno e secretarios de Estado remitirán, así mesmo, a declaración contida no anexo II deste real decreto.

2. Antes do 15 de outubro de 2009 publicarase no «Boletín Oficial del Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais, completadas na forma prevista no anexo II polas persoas que sexan membros do Goberno ou secretarios de Estado con data do 30 de setembro e que tomasen posesión do seu cargo antes do 30 de xuño de 2009.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 1410/1995, do 4 de agosto, polo que se regulan os rexistros de actividades e de bens e dereitos patrimoniais de altos cargos.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase a ministra de Administracións Públicas, no marco das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto, entre elas as disposicións reguladoras dos ficheiros do Ministerio de Administracións Públicas, no que afecte os rexistros considerados nesta norma, sendo a Oficina de Conflictos de Intereses a responsable dos ditos ficheiros.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O regulamento que se aproba por este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 5/2006, DO 10 DE ABRIL, DE REGULACIÓN DOS CONFLICTOS DE INTERESES DOS MEMBROS DO GOBERNO E DOS ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento, en desenvolvemento da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, ten por obxecto regular o cumprimento das obrigas previstas nela, en relación cos rexistros de actividades e de bens e dereitos patrimoniais dos altos cargos, as competencias da Oficina de Conflitos de Intereses a que se refire a dita lei, así como o réxime sancionador derivado do seu incumprimento.

2. As disposicións deste regulamento aplicaranse aos postos considerados como altos cargos no artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril.

3. En desenvolvemento do disposto no dito precepto, considéranse cargos asimilados a subsecretarios ou directores xerais da Administración xeral do Estado aqueles que teñan recoñecida tal condición nos termos previstos na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ou na súa normativa específica.

4. Para delimitar o ámbito de aplicación do artigo 3 da Lei 5/2006, enténdese por cargos asimilados aqueles postos de traballo que, conforme a norma constitutiva de cada ente, pola súa forma de provisión, incardinación na organización desas entidades ou pola súa responsabilidade, desempeñen os postos máis relevantes nesas organizacións.

5. Para efectos do previsto no punto h) do referido artigo 3.2, para determinar se a posición da Administración xeral do Estado é dominante no consello de administración dunha sociedade con participación estatal acudirase ao previsto en tal materia na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

6. Poderán ser depositadas nos rexistros de altos cargos da Oficina de Conflitos de Intereses as declaracións de actividades e de bens e dereitos patrimoniais que están obrigados a formular o presidente e os conselleiros permanentes do Consello de Estado, de conformidade co previsto na súa lei orgánica.

Artigo 2. *Obrigas de actualización, por parte das entidades e organismos públicos ou con participación pública, dos datos que se remiten á Oficina de Conflitos de Intereses.*

1. As entidades de dereito público, os organismos reguladores e de supervisión, as fundacións públicas e as sociedades mercantís en cuxo capital sexa maioritaria a participación estatal ou nos cales, sen chegar a ser maioritaria, a posición da Administración xeral do Estado sexa dominante, comunicaranlle no prazo dun mes á Oficina de Conflitos de Intereses, cada vez que se produza un nomeamento, os efectuados respecto daqueles postos de traballo que, conforme a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e o previsto neste real decreto, teñan a condición de altos cargos.

2. Igualmente, e no mesmo prazo a que se refire o punto anterior, as entidades ou empresas públicas ou privadas con representación do sector público nos seus consellos de administración, comunicaranlle á Oficina de Conflitos de Intereses as designacións que se efectúen para o seu consello de administración ou órganos de goberno de persoas que, conforme o disposto na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, teñan a condición de alto cargo.

3. As entidades, sociedades ou empresas a que se refiren os dous puntos anteriores serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que faciliten.

Artigo 3. Dependencia dos rexistros.

Os rexistros de actividades e de bens e dereitos patrimoniais dos altos cargos están a cargo da Oficina de Conflitos de Intereses.

Artigo 4. Xestión dos rexistros.

Os rexistros xestionaranse mediante un sistema informático de xestión documental que garanta o depósito das declaracións e comunicacións, o control de acceso aos datos coas maiores garantías de seguranza e a inalterabilidade e permanencia dos datos almacenados mediante o uso de tecnoloxías de arquivo que garantan estas funcionalidades coa tecnoloxía existente na actualidade e con outras que se poidan desenvolver no futuro.

O tratamento e, de ser o caso, comunicación dos datos contidos nas declaracións ou comunicacións previstas neste regulamento someterase ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ás súas normas de desenvolvemento.

Artigo 5. Documentos.

1. Todas as declaracións e variacións a que se refire este regulamento poderán ser realizadas nos modelos que se conteñen no anexo I e, de ser o caso, no II. As modificacións que se consideren procedentes, de ser o caso, dos ditos modelos, aprobaranse por orde da ministra de Administracións Públicas.

2. As ditas declaracións presentaranse preferentemente en forma de documentos electrónicos a través do Rexistro Telemático do Ministerio de Administracións Públicas, nos termos previstos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, que regula os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns. Para tales efectos, o Ministerio de Administracións Públicas desenvolverá as aplicacións necesarias para o cumprimento das ditas obrigas. Os documentos presentados deberán estar asinados electronicamente mediante o DNI electrónico ou calquera dos certificados de sinatura electrónica admitidos polo Ministerio de Administracións Públicas.

CAPÍTULO II

Rexistro de actividades de altos cargos

Artigo 6. Obxecto do Rexistro de Actividades.

O Rexistro de Actividades de altos cargos ten por obxecto o depósito e custodia das declaracións a que se refiren os artigos 7, 8 e 11 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Artigo 7. Contido da declaración de actividades.

1. Os membros do Goberno, os secretarios de Estado e o resto dos altos cargos a que se refire o artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, teñen a obriga de declarar todas as actividades públicas ou privadas que desempeñen, por si ou mediante substitución ou apoderamento, e que sexan susceptibles de ser retribuídas ou que poidan proporcionar ingresos económicos, aínda que non se perciban, de feito, compensacións económicas por elas. Estas declaracións poderanse formular nos modelos que se conteñen como anexo I a este regulamento, ou por medios telemáticos nos termos previstos no punto 2 do artigo 4 deste regulamento.

2. Na citada declaración manifestarase, así mesmo, se se recibe calquera outra remuneración ou percepción con cargo aos orzamentos das administracións públicas ou

entidades vinculadas ou dependentes delas, así como calquera outra remuneración ou percepción que directa ou indirectamente proveña dunha actividade privada.

3. Deberase declarar, así mesmo, o inicio ou cesamento en calquera actividade pública ou privada.

4. As declaracións de actividades formularanse no improrrogable prazo de tres meses desde a data de toma de posesión do cargo e do cesamento, respectivamente, así como cada vez que o interesado inicie unha nova actividade das que son obxecto de regulación na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Artigo 8. *Declaración de intereses.*

1. Aqueles que ocupen un cargo dos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, estarán obrigados a efectuar, no prazo dos tres meses seguintes á súa toma de posesión, unha declaración referente ás actividades profesionais, mercantís ou laborais que desempeñasen durante os dous anos anteriores á ocupación do dito cargo, incluíndo os exercidos por conta propia ou allea. A dita declaración poderase efectuar no modelo establecido para tal efecto no anexo I ou ben por medios telemáticos nos termos previstos no artigo 4.2 deste regulamento.

2. No suposto de que as ditas actividades se desempeñasen no sector privado, a declaración especificará os seguintes datos:

- Denominación e obxecto social da empresa, sociedade, entidade ou organismo en que prestasen os seus servizos.

- Competencias e funcións do cargo ou actividade desempeñados.

- Contratos de obra, servizo, asistencia, consultoría ou similares que lles fosen adxudicados, especificando sociedades ou entidades de que procedan.

- Relacións profesionais, mercantís ou similares, directas ou indirectas, con entidades, empresas ou sociedades cuxo obxecto social estea relacionado coas competencias do departamento ou entidade a que estivese adscrito o cargo.

- Calquera outro dato que considere relevante para que a Oficina de Conflitos de Intereses poida determinar se as ditas actividades realizadas con anterioridade poderían constituír un conflito de intereses co cargo público para o que foi nomeado.

Tamén se declararán, de ser o caso, as bolsas, subvencións ou axudas para investigación que se percibisen nos dous anos anteriores á toma de posesión.

Artigo 9. *Alcance e contido das comunicacións que deben presentar os altos cargos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.*

1. Os membros do Goberno, os secretarios de Estado e o resto dos altos cargos a que se refire o artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, cando cesen no seu exercicio, e durante os dous anos seguintes, dirixirán ao Rexistro de Actividades unha comunicación de acordo co seguinte procedemento:

a) O interesado deberá remitir a comunicación ao Rexistro de Actividades con carácter previo á iniciación da actividade que vaia realizar, pronunciándose, polo menos, sobre os seguintes aspectos:

1. Actividade privada que vaia desempeñar, especificando se se vai realizar a actividade privada por conta propia ou allea. Neste último suposto indícarase a denominación da empresa ou entidade para a cal vaia traballar, indicando ademais o obxecto social desta.

2. Declaración expresa de que tal actividade privada non está relacionada directamente coas competencias do cargo desempeñado; para estes efectos, e de conformidade co

previsto no artigo 8.1 da Lei 5/2006, considérase que existe relación directa cando se dea calquera dos seguintes supostos de feito:

- Que os altos cargos, os seus superiores, por proposta deles, ou os titulares dos seus órganos dependentes, por delegación ou substitución, ditasen resolucións en relación coas ditas empresas ou sociedades.
- Que interviñesen, con voz e voto, en sesións de órganos colexiados nas que se adoptase algún acordo ou resolución en relación coas ditas entidades.

Esta comunicación irá acompañada da documentación xustificativa que considere oportuna o interesado.

b) Unha vez recibida a comunicación do interesado pola Oficina de Conflictos de Intereses, esta unidade, se non tiver os elementos determinantes para resolver, solicitará, con carácter preceptivo, do departamento ministerial ou organismo en que o comunicante desempeñase o seu último posto de alto cargo a información necesaria para ditar a resolución.

As comunicacións a que se refire este artigo serán analizadas pola Oficina de Conflictos de Intereses. No caso de que non se estime vulneración ningunha da prohibición establecida no artigo 8.1 da Lei 5/2006, procederase, sen máis trámite, ao depósito da comunicación no Rexistro de Actividades.

No caso de que se estime a posible concorrencia dunha violación á prohibición contida no artigo 8.1 da Lei 5/2006, a Oficina de Conflictos de Intereses comunicaráo, no prazo dun mes, ao interesado e á empresa ou sociedade en que vaia prestar os seus servizos, que disporán dun prazo de quince días para formular alegacións, as cales serán analizadas pola referida oficina, que lle propondrá ao titular do Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado para a Administración Pública, a resolución que proceda acerca da iniciación do procedemento sancionador, a cal será inmediatamente executiva.

c) A declaración será depositada no Rexistro de Actividades.

2. De acordo co artigo 7.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, cando durante o desempeño do cargo público un alto cargo deba absterse dun determinado asunto, deberalle notificar por escrito a súa abstención ao órgano superior inmediato ou ao órgano que o designou. Se neste caso o alto cargo é membro dun órgano colexiado, poderá manifestar oralmente a súa abstención, debendo realizar a referida notificación no prazo de vinte e catro horas.

Unha vez notificada a abstención, o interesado deberalla comunicar ao Rexistro de Actividades de acordo co seguinte procedemento:

a) No prazo dun mes desde a notificación da abstención, o interesado deberá dirixir unha comunicación por escrito ao Rexistro de Actividades, dando conta dos seguintes aspectos:

- Asunto sobre o que se produciu a abstención.
- Causas que a motivaron, mediante referencia sucinta ao precepto legal que a establece.
- Data en que esta lle foi notificada ao órgano superior inmediato ou ao órgano que o designou.

b) A Oficina de Conflictos de Intereses, unha vez recibida a comunicación, comprobará que esta se pronuncia sobre os extremos antes citados. No caso contrario, requirirá o interesado para que no prazo de dez días a emende.

c) Una vez completada a comunicación, procederase ao seu depósito no Rexistro de Actividades.

Artigo 10. *Publicidade do Rexistro de Actividades.*

1. O Rexistro de Actividades de altos cargos ten carácter público e réxese polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas correspondentes normas de desenvolvemento das leis citadas.

2. As persoas que desexen coñecer as declaracións depositadas no Rexistro de Actividades de altos cargos poderán, logo de identificación da súa personalidade, solicitar certificación do seu contido.

3. As certificacións solicitaranse á Oficina dos Conflitos de Intereses mediante escrito, asinado polo solicitante, entregado directamente, ou en calquera dos rexistros e oficinas enumerados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por correo, telegraficamente, ou por calquera outro medio telemático que permita identificalo, nos termos previstos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro.

A solicitude de certificación debe reunir os requisitos establecidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e indicará a denominación do alto cargo do cal desexa coñecer as declaracións de actividades.

4. As certificacións poderán consistir na expedición de copias auténticas das declaracións orixinais almacenadas no rexistro, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se na solicitude non se expresa outra cuestión, entenderase que a certificación debe ir referida á situación actual do alto cargo.

5. Non serán admisibles as solicitudes xenéricas nin aquelas en que non apareza claramente identificado o titular do alto cargo do cal se solicita a certificación.

CAPÍTULO III

Rexistro de bens e dereitos patrimoniais

Artigo 11. *Obxecto.*

Os membros do Goberno e o resto dos altos cargos da Administración xeral do Estado incluídos no artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, están obrigados a formular declaracións patrimoniais comprensivas da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigas, nos modelos previstos no anexo I deste regulamento ou a través de medios telemáticos.

O Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais ten por obxecto o depósito das declaracións de participacións e a súa posterior transmisión, previstas no artigo 6.3 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, das declaracións e das copias dos contratos previstos nos artigos 12 e 13 desta, e das copias das declaracións tributarias do imposto sobre a renda das persoas físicas que tivese obriga de presentar o alto cargo e, de ser o caso, o seu cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade.

Artigo 12. *Contido das declaracións.*

1. As declaracións a que se refire o artigo 12 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, efectuaranse no improrrogable prazo dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento, respectivamente, no alto cargo.

2. De existiren diferenzas entre as declaracións patrimoniais que se entregan e as últimas declaracións tributarias, o titular do alto cargo explicará, na declaración de bens patrimoniais, as diverxencias producidas entre ambas as dúas.

3. Xunto coas declaracións de bens patrimoniais que se efectúen no momento da toma de posesión e do cesamento, os altos cargos achegarán copia da declaración tributaria do último exercicio do imposto sobre a renda das persoas físicas que se depositará no rexistro.

4. Anualmente, achegárase copia da dita declaración tributaria no prazo de tres meses desde a conclusión dos prazos legalmente establecidos para a presentación do dito documento ante a Administración tributaria.

5. Non será exigible o cumprimento da obriga anual cando non transcorresen tres meses desde a toma de posesión do alto cargo e este remítise toda a documentación exigida.

6. Os membros do Goberno e os secretarios de Estado cumprirán, ademais, o anexo II deste regulamento, con ocasión da súa toma de posesión e cesamento.

Artigo 13. *Carácter reservado do rexistro.*

1. O Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais ten carácter reservado.

2. Só poden ter acceso ás declaracións formuladas a el as institucións e os órganos a que se refire o artigo 14.3 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, no exercicio das funcións a que se refire a dita lei, logo de presentación de solicitude, na que se especifique o alto cargo de cuxos datos se queira ter constancia.

3. De conformidade co disposto no artigo 14.4 da Lei 5/2006, do 10 de abril, anualmente, antes do 30 de setembro, procederase a publicar no «Boletín Oficial del Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais formuladas, na forma prevista no anexo II, polos membros do Goberno e os secretarios de Estado cuxa toma de posesión ou cesamento se producise no período comprendido entre o 1 de xullo do ano anterior e o 30 de xuño do ano en curso.

Artigo 14. *Outras declaracións patrimoniais.*

1. O cónxuxe do alto cargo ou persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade poderá, voluntariamente, cubrir as declaracións de bens e dereitos a que se refire o artigo 12 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación de conflitos de intereses de membros do Goberno e de altos cargos da Administración xeral de Estado.

2. Nestas declaracións constará expresamente o carácter voluntario da dita achega, e serán entregadas polo alto cargo xunto coas súas propias declaracións. As declaracións formularanse nos modelos establecidos no anexo I, así como a través de medios telemáticos.

3. O carácter voluntario da formulación desta declaración non o será para os cónxuxes dos altos cargos que, en virtude dunha lei específica, tivesen obriga expresa de a presentar.

Artigo 15. *Adquisición orixinaria e transmisión de bens patrimoniais.*

1. De as persoas designadas para ocuparen algún dos altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, posuíren, ao seren nomeadas, por si ou xunto co seu cónxuxe ou persoa con quen convivan en análoga relación de afectividade e fillos dependentes e persoas tuteladas, a participación a que se refire o artigo 6 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, deberán desprender dela no prazo de tres meses, contados desde o día seguinte ao do seu nomeamento.

Para os efectos do establecido no dito precepto, enténdese por fillos dependentes os fillos menores de idade e os maiores de idade incapacitados que convivan co alto cargo e estean baixo a súa tutela ou garda legal.

2. Cando a persoa que ocupe algún dos altos cargos comprendidos no artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, adquira a participación a que se refire o punto anterior durante o exercicio do cargo, por sucesión hereditaria ou outro título gratuito, terá que desprenderse dela no prazo de tres meses desde a súa adquisición.

3. Durante os prazos a que se refiren os puntos anteriores, declararanse no Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais as ditas participacións, indicándose, polo menos, os seguintes datos:

- a) Nome, obxecto social e denominación da empresa en que se participa.
- b) Porcentaxe de participación do alto cargo e, de ser o caso, do cónxuxe, sexa cal sexa o seu réxime económico matrimonial, ou persoa que conviva en análoga relación de afectividade, fillos dependentes e persoas tuteladas.
- c) Indicación dos concertos ou contratos, de calquera natureza, que a empresa subscribise co sector público estatal, autonómico ou local que se atopen en execución no momento da declaración.
- d) Data da transmisión da participación e natureza desta.

CAPÍTULO IV

Disposicións comúns aos dous rexistros

Artigo 16. *Información sobre as obrigas de declarar.*

Cando a Oficina de Conflitos de Intereses teña coñecemento da toma de posesión ou de cesamento nun alto cargo, como consecuencia da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou polas comunicacións a que se refire o artigo 2 deste regulamento, dirixirse a el para informalo sobre as obrigas da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, en relación co exercicio doutras actividades públicas ou privadas, e, en especial, sobre as obrigas de formular as declaracións a que se refire a lei.

Artigo 17. *Rexistro de entrada dos documentos.*

1. Para a recepción das declaracións dos altos cargos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, ou outros documentos relacionados, que se presenten en formato papel, habilitarase na Oficina de Conflitos de Intereses unha unidade de rexistro propia para garantir a confidencialidade das declaracións.

2. Para as que se presenten en formato de documento electrónico asinado dixitalmente, utilizarase o Rexistro Telemático do Ministerio de Administracións Públicas, empregando, para a creación dos documentos electrónicos a súa sinatura dixital e a súa presentación telemática, as aplicacións desenvolvidas para o efecto por este ministerio.

Artigo 18. *Emenda das declaracións.*

1. De se apreciaren deficiencias formais na declaración ou falta da documentación exigible, requirirase o interesado para que no prazo dun mes as emende.

2. Considéranse deficiencias formais as seguintes:

- a) Omisión de calquera dos datos identificativos do declarante.
- b) Confusión, erro ou imprecisión nas declaracións.
- c) Outros erros materiais.
- d) A existencia, nas declaracións, de palabras riscadas, emendadas ou entre liñas, que non estean salvadas polo declarante coa súa sinatura, e ofrezan dúbidas ao persoal da oficina.

3. A documentación exixible é a recollida no capítulo III da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

4. Unha vez examinada a documentación, se da documentación se desprender, ou se tiver coñecemento diso por outros motivos, que o interesado podería estar a incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade a que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, a Oficina de Conflitos de Intereses informará desta circunstancia ao declarante.

Se no prazo dun mes non contestar, ou se da súa contestación se seguir apreciando causa de posible infracción ou de incompatibilidade, outorgaráselle un segundo prazo dun mes para achegar os datos necesarios, informándoo de que se poderán iniciar as actuacións a que se refire o artigo 19 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

5. As declaracións que se reciban nos rexistros serán comparadas coas inscritas con anterioridade.

De se observar a existencia de diverxencias entre elas, comunicaráselle ao interesado para que o aclare no prazo dun mes.

De esta aclaración non se producir ou non se considerar suficiente, a Oficina de Conflito de Intereses realizará as actuacións a que se refire o artigo 19 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Artigo 19. *Permanencia das declaracións nos rexistros.*

1. Todas as declaracións e, de ser o caso, a súa emenda serán inscritas no rexistro correspondente.

2. Os altos cargos a que se refire o artigo 3.2 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que consignen nas declaracións, así como nas comunicacións.

3. Transcorrido o prazo de tres anos desde o momento do cesamento do alto cargo, con carácter xeral, ou o de cinco, no que se refire á declaración de actividades posteriores, procederase á destrución dos datos de carácter persoal contidos nas declaracións, nos termos previstos no Real decreto 1164/2002, do 8 de novembro, que regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal.

CAPÍTULO V

A Oficina de Conflitos de Intereses. Constitución e funcións

Artigo 20. *Constitución.*

1. Constitúese a Oficina de Conflitos de Intereses, con nivel orgánico de subdirección xeral, adscrita ao Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado para a Administración Pública, que actuará con plena autonomía no exercicio das súas funcións.

Ademais de exercer as competencias asignadas na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, asume as competencias en materia de xestión de réxime de incompatibilidades do persoal das administracións públicas previstas no Real decreto 1131/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Administracións Públicas.

2. A persoa titular da Oficina de Conflitos de Intereses, que terá a denominación de director ou directora, será nomeada por orde do ministro de Administracións Públicas entre funcionarios que pertencen a calquera dos corpos ou escalas correspondentes ao subgrupo A1 da Administración xeral do Estado.

Artigo 21. *Funcións*

A Oficina de Conflitos de Intereses é o órgano encargado tanto de requirir o cumprimento das obrigas previstas na lei como de levar e xestionar os rexistros de actividades e de bens e dereitos patrimoniais de altos cargos e da custodia e seguranza e indemnidade dos datos e documentos neles contidos.

1. Se, transcrido o prazo de tres meses establecido na lei para formular as declaracións, o titular do alto cargo non as enviou aos rexistros, a Oficina de Conflitos de Intereses dirixirase ao titular recordándolle o cumprimento das súas obrigas e sinalándolle un prazo dun mes para que as cumpra.

2. Este recordatorio non será preceptivo cando o nomeamento ou o cesamento non se publicase no «Boletín Oficial del Estado» ou non se cumprise a obriga a que se refire o artigo 2 deste regulamento.

3. A omisión deste recordatorio por parte de Oficina de Conflitos de Intereses non exonerará, baixo ningún suposto, o titular do alto cargo do cumprimento das obrigas a que se refire este regulamento.

4. Transcrido o prazo a que se refire o punto 1 sen que se presentasen as declaracións, a Oficina de Conflitos de Intereses requiriralle o cumprimento desta obriga ao interesado, outorgándolle outro prazo dun mes para cumprir con ela, e poderá iniciar, de ser o caso, as actuacións previstas no artigo 19 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Artigo 22. *Información ao Congreso dos Deputados.*

Cada seis meses, a Oficina de Conflitos de Intereses elevará ao Goberno, a través do ministro de Administracións Públicas, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, nos termos previstos no artigo 16 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, un informe acerca do cumprimento das obrigas previstas na lei, así como das infraccións cometidas e das sancións impostas, con indicación dos responsables.

Artigo 23. *Deber de colaboración coa Oficina de Conflitos de Intereses*

A Oficina de Conflitos de Intereses, en relación coas actividades que lle son encomendadas por este regulamento, contará coa colaboración dos órganos da Administración xeral do Estado, de conformidade co previsto no artigo 18 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 19.3 da Lei 5/2006.

CAPÍTULO VI

Procedemento sancionador

Artigo 24. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este capítulo ten por obxecto regular o procedemento sancionador a que se refire o artigo 20 da Lei 5/2006. En todo o non previsto especificamente por este capítulo aplicarase supletoriamente o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se establece o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 25. Transparencia do procedemento.

1. O procedemento desenvolverase de acordo co principio de acceso permanente. Para estes efectos, en calquera momento do procedemento, os interesados teñen dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos nel.

2. Así mesmo, e con anterioridade ao trámite de audiencia, os interesados poderán formular alegacións e achegar os documentos que consideren convenientes.

3. O acceso aos documentos que consten nos expedientes sancionadores xa concluídos rexerese polo disposto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Con obxecto de garantir a transparencia no procedemento, a defensa do imputado e a dos intereses doutros posibles afectados, así como a eficacia da actuación da Administración, cada procedemento sancionador que se tramite formalizárase sistematicamente, incorporando sucesiva e ordenadamente os documentos, testemuños, actuacións, actos administrativos, notificacións e demais dilixencias que vaian aparecendo ou se vaian realizando.

Artigo 26. Prescrición e arquivo das actuacións.

1. Cando das actuacións previas se conclúa que prescribiu a infracción, o órgano competente acordará a non procedencia de iniciar o procedemento sancionador. Igualmente, se iniciado o procedemento se conclúe, en calquera momento, que prescribiu a infracción, o órgano competente resolverá a conclusión do procedemento, con arquivo das actuacións. En ambos os dous casos, notificaráselles aos interesados o acordo ou a resolución adoptados.

Así mesmo, cando transcorra o prazo para a prescrición da sanción, o órgano competente notificarállelo aos interesados.

2. Transcorridos dous meses desde a data en que se iniciou o procedemento sen practicarse a notificación deste ao imputado, procederase ao arquivo das actuacións, notificándollo ao imputado, sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese ter incorrido.

Artigo 27. Vinculacións coa orde xurisdicional penal.

1. En calquera momento do procedemento sancionador en que os órganos competentes estimen que os feitos tamén poderían ser constitutivos de ilícito penal, remitiranlle os antecedentes das actuacións practicadas ao fiscal xeral do Estado, solicitándolle testemuño sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación.

Nestes supostos, así como cando os órganos competentes teñan coñecemento de que se está a desenvolver un proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitarán do órgano xudicial comunicación sobre as actuacións adoptadas.

2. Recibida a comunicación e de se estimar que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puider corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que recaia resolución xudicial firme.

3. En todo caso, os feitos declarados probados por resolución xudicial penal firme vinculan os órganos administrativos respecto dos procedementos sancionadores que tramiten.

Artigo 28. Recoñecemento de responsabilidade ou pagamento voluntario.

Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento, coa imposición da sanción que proceda.

Artigo 29. Órganos competentes do procedemento sancionador.

Para determinar os órganos competentes do procedemento sancionador observarase o establecido no artigo 21 da Lei 5/2006.

Artigo 30. *Comunicación de indicios de infracción.*

Cando, en calquera fase do procedemento sancionador, os órganos competentes consideren que existen elementos de xuízo indicativos da existencia doutra infracción administrativa para o coñecemento da cal non sexan competentes, comunicaranllo ao órgano que consideren competente.

Artigo 31. *Forma de iniciación.*

O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia, nos termos previstos no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se establece o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 32. *Denuncias.*

1. A Oficina de Conflitos de Intereses só coñecerá das denuncias que expresen o relato dos feitos que poderían constituír algunha infracción das tipificadas na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, a data da súa comisión e a identificación dos presuntos responsables.

Se o denunciante así o solicita, garantirase o sixelo sobre a súa identidade.

2. Cando a Oficina de Conflitos de Intereses teña coñecemento a través dunha denuncia, ou a través doutros medios, da presunta infracción da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, unha vez requirido previamente o interesado para que alegue o que estime conveniente, iniciará as actuacións previas ao procedemento sancionador previstas no artigo 19 da citada lei, notificándolle o inicio das ditas actuacións ao interesado.

Artigo 33. *Actuacións previas.*

1. Nos demais casos, con anterioridade á iniciación do procedemento, a Oficina de Conflitos de Intereses poderá realizar actuacións previas, co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento e as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros.

2. O inicio das actuacións notificaráselle ao interesado.

Artigo 34. *Iniciación.*

1. O acordo de iniciación dos procedementos sancionadores será adoptado polo órgano competente segundo o artigo 21 da Lei 5/2006, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado. O procedemento formalizarase nos termos previstos no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, seralle comunicado pola Oficina de Conflitos de Intereses ao instrutor, con traslado de cantas actuacións existan ao respecto, e notificaráselles ao denunciante e ao interesado, entendendo en todo caso por tal o inculpado e, no suposto de que o feito puidese ser constitutivo dunha vulneración do artigo 8.5 da Lei 5/2006, do 10 de abril, notificaráselle tamén á empresa ou sociedade en que for prestar os seus servizos o interesado.

2. Na notificación advertiráselle ao interesado e, de ser o caso, á dita empresa ou sociedade que, de non efectuar alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo previsto no artigo 36.1, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cando conteña un pronunciamiento preciso acerca da responsabilidade imputada.

Artigo 35. *Colaboración e responsabilidade da tramitación.*

1. Nos termos previstos polos artigos 4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 19.3 da Lei 5/2006, os órganos e dependencias administrativas pertencentes a calquera das administracións públicas facilitaránlle ao órgano instructor os antecedentes e informes necesarios, así como os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas actuacións.

2. As persoas designadas como instructores ou, de ser o caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función serán responsables directos da tramitación do procedemento e, en especial, do cumprimento dos prazos establecidos.

Artigo 36. *Medidas de carácter provisorio.*

De conformidade co previsto nos artigos 72 e 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisorio que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se puiden ditar, a boa fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as exixencias dos intereses xerais.

Artigo 37. *Actuacións e alegacións.*

1. Os interesados disporán dun prazo de dez días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes e, de ser o caso, propor proba en que concreten os medios de que pretendan valerse. Na notificación da iniciación do procedemento indícaráselles aos interesados o dito prazo. No suposto do artigo 8 da Lei 5/2006, do 10 de abril, poderanse ter en conta as alegacións xa formuladas a que se refire o punto 5 do dito precepto.

2. Cursada a notificación a que se refire o punto anterior, o instructor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos, solicitando os datos e informacións que sexan relevantes para determinar, de ser o caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

3. Se, como consecuencia da instrución do procedemento, resultar modificada a determinación inicial dos feitos, da súa posible cualificación, das sancións impoñibles ou das responsabilidades susceptibles de sanción, notificaráselle todo iso ao inculpado.

Artigo 38. *Proba.*

1. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo sinalado no artigo anterior, o órgano instructor poderá acordar a apertura dun período de proba, de conformidade co previsto nos artigos 80 e 137.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por un prazo non superior a quince días.

